

Resolución da Presidencia de 23 de setembro de 2019 pola que se corríxen erros na do 11 de setembro de 2019 pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia

Advertido un erro na Resolución do 11 de agosto de 2019(Boletín Oficial do Parlamento de Galicia nº530 do 13 de setembro de 2019), pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por oposición libre en dúas prazas da escala técnica de tecnoloxías da información do Parlamento de Galicia, procedese á súa corrección no seguinte sentido:

1.- Excluír da listaxe do Anexo da Resolución, no apartado B) RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN, por non concorrer a dito proceso selectivo, á seguinte persoa:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CAUSA EXCLUSIÓN
20	PÉREZ FEAL	SANDRA	***7999**	5

Causas de exclusión:

- 1) Non achegar modelo de solicitude dentro de prazo conforme ao disposto no apartado 3.2.
- 2) Non achegar copia do Documento Nacional de Identidade conforme ao disposto no apartado 3.1.
- 3) Non ter aboados os dereitos de exame conforme ao disposto no apartado 3.3.a) e 3.5.
- 4) Defecto no aboamento dos dereitos de exame, conforme ao disposto na cláusula 3.3.a) e 3.5. *(exento do pagamento da taxa dos dereitos de exame quen estea incurso nalgunha das situacións a que fai referencia a normativa vixente en materia de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia).*
- 5) Non presentar CELGA 4 ou equivalente, ou sen compulsar, conforme ao disposto no apartado 3.3.b).

2.- No apartado B) do Anexo da resolución, onde figura "RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN", debe dicir "RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS PENDENTES DE SUBSANAR DOCUMENTACIÓN E PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN.

Esta corrección de erros non implica a apertura dun novo prazo para a alegación ou emenda de documentación das persoas incluídas no apartado B) do Anexo da Resolución.

Contra a presente resolución poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019



Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente